

25 DE SETEMBRO DE 2025

WEBINAR:

PROXECTOS IA360

DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO
E INNOVACIÓN CON IA

Webinar: 25 de setembro de 2025 de 9:30h. a 11:15h.

O Clúster TIC Galicia presenta os proxectos que as empresas socias levaron á convocatoria **IA360, axudas para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante o uso da Intelixencia Artificial (IC408M)** convocadas polo IGAPE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Cinfo | Bernardo Rivera, Director de operacións**• TIIVII toolbox: sistema de IA**

Tiivii Toolbox será unha solución de Cinfo, comercializada en liña, que inclúe sistemas baseados en Intelixencia Artificial para a mellora competitiva e axuda aos procesos de empresa, integrables na cadea de valor de calquera empresa cliente; esta plataforma inclúe tanto ferramentas con interfaz de usuario, directamente utilizables polas persoas, como outros integrables nas ferramentas de sistemas do cliente mediante APIs.

- **Obxectivo:** Transformar un sistema de IA existente en TRL 6 a unha plataforma comercial (TRL 9) que ofrezca servizos de Intelixencia Artificial como "IA as a Service" (AlaaS) a empresas, especialmente PEMES galegas.
- **Dirixido:** A plataforma comercializarase baixo un modelo AlaaS (Artificial Intelligence as a Service), baseado nun sistema de créditos e pago por uso. Os usuarios poderán mercar créditos a un prezo fixo e consumilos a medida que utilicen os distintos servizos de IA. Tamén se ofrecerán plans de suscripción e contratos de longa duración para empresas con necesidades recorrentes, asegurando así unha solución flexible e escalable. Con esta plataforma, buscamos converter a intelixencia artificial nun recurso accesible, eficiente e rendible para as pemes galegas, impulsando a súa competitividade nun mercado cada vez máis dixitalizado.

Deicom Technologies | Gabriel González Fernández, CTO**• RedIA: Análise de datos e IA aplicada á supervisión avanzada de redes de baixa tensión**

A evolución do sistema eléctrico actual enfrenta desafíos crecentes debido á transformación da demanda e á xeración de enerxía. Sen ferramentas avanzadas para a detención de irregularidades e a predición da demanda, as distribuidoras eléctricas enfróntanse a riscos significativos para manter a estabilidade, eficiencia e seguridade do subministro eléctrico. A implementación de solucións baseadas en Intelixencia Artificial resulta esencial para anticipar comportamentos irregulares e adaptar a rede ás novas exigencias de flexibilidade do mercado enerxético.

- **Obxectivo:** Desenvolver un produto novo baseado en IA, proporcionando unha ferramenta clave para as distribuidoras eléctricas, permitíndolles afrontar con éxito os retos actuais e futuros do sector enerxético, garantindo unha xestión máis segura, eficiente e sostible.
- **Dirixido:** Axentes e operadores da rede eléctrica.

Galvin Tecnológica (Galvintec) | **Moisés Mateo, HBO**

- **MOODULAR IA. Módulo de IA para optimizar sistemas de picking en almacéns e centros de distribución**

Moodular IA ten como finalidade optimizar a xestión de almacéns e centros de distribución mediante o uso de IA. Busca desenvolver un sistema intelixente de optimización de picking para almacéns, reducindo os tempos de preparación de pedidos, mellorando a produtividade e diminuíndo os custos operativos.

- **Obxectivo:** Moodular IA ten como obxectivo principal desenvolver e implementar unha solución baseada en intelixencia artificial (IA) para optimizar os plans de picking en almacéns e centros de distribución. O proxecto busca integrar algoritmos avanzados na plataforma Moodular para reducir a distancia total percorrida polos operarios durante o picking, minimizar os tempos de preparación de pedidos, incrementar a satisfacción do cliente e optimizar as rutas de picking.
- **Dirixido:** O proxecto Moodular IA é un proxecto deseñado por Galvintec para si mesmo, é unha actualización do noso produto xa existente Moodular.

Ilux Visual Technologies | **Manuel Mejjide, Director**

- **Mindforge. Máis alá dun buscador intelixente**

Mindforge supón un cambio de paradigma na xestión de recursos visuais: integra sistemas, elimina a catalogación manual e automatiza o etiquetado con IA, aforrando centos de horas e ofrecendo acceso directo, eficiente e obxectivo ás bases de datos do cliente.

- **Obxectivo:** Mindforge optimiza a xestión visual con procura intelixente, etiquetado automático e conectividade total. Escalable, ético e seguro, integra IA avanzada sen modificar a infraestrutura do cliente.
- **Dirixido:** Administracións públicas e compañías que contan con amplas bases de imaxes (xestores de turismo, audiovisual, axencias de comunicación, etc.)

Imatia Innovation | **Iván del Río Miranda, Product Owner**

- **IA360 – IMPILOT**

O proxecto IMPILOT desenvolve copilotos de Intelixencia Artificial aplicados á Administración Pública e aos Servizos Sociais, mellorando o acceso cidadá á información en sedes electrónicas e optimizando o traballo dos profesionais sociais con ferramentas intelixentes.

- **Obxectivo:** Impulsar o uso responsable da IA para simplificar a relación cidadá-Administración e apoiar aos traballadores sociais con copilotos que aumenten produtividade, eficiencia e calidade na atención.
- **Dirixido:** Administracións públicas, profesionais dos servizos sociais e entidades interesadas na transformación dixital responsable mediante Intelixencia Artificial aplicada á xestión e á atención cidadá.

Imaxin | Ángel López, Chief Technology Officer

- **LYNX. Nova Xeración de Asistentes Intelixentes para a Transformación Dixital das empresas e administracións (Chatbot RAG)**

LYNX é unha plataforma modular baseada en arquitectura RAG que integra modelos de linguaxe (LLMs) e sistemas de recuperación semántica para xerar respostas contextuais a partir de fontes documentais indexadas. Permite integrar modelos comerciais ou abertos e adáptase a diferentes dominios informativos.

- **Obxectivo:** Crear un chatbot baseado en RAG que recupere e xestione información de forma eficiente, con respostas precisas e contextuais, mellorando a accesibilidade e reducindo a carga de traballo dos usuarios, e mellorando a accesibilidade da información para os clientes/cidadáns.
- **Dirixido:** O sistema está dirixido a administracións públicas, medios de comunicación e empresas que xestionen grandes volumes de información e queiran ofrecer asistencia eficiente a usuarios, clientes ou persoal interno.

IN2AI | Rafael San Miguel Carrasco, Data Specialist

- **Prevención de acceso non autorizado a datos con asistentes conversacionais e monitorización de actividade para avaliación de rendemento en produtividade de empregados.**

O obxectivo do proxecto é incorporar funcionalidades avanzadas a un asistente conversacional empresarial deseñado para resolver preguntas dos empregados da organización. En particular, o asistente implementará políticas de acceso aos datos para previr o acceso non autorizado a información sensible. Ademais, a organización poderá consultar informes relativos ao uso do asistente para determinar o rendemento adicional obtido na produtividade dos seus empregados.

- **Obxectivo:** Construír, sobre un asistente xa funcional, as dúas funcionalidades indicadas.
- **Dirixido:** Empresas que queiran protexer o uso non autorizado dos seus datos a través de asistentes conversacionais, e que queiran medir o retorno de inversión derivado da implantación de ditos asistentes.

Prefapp Cloud Consulting | Francisco Maseda, Head of Development

- **Integración de IA en firestartr.dev**

SFirestartr é un framework desenvolvido por Prefaap para a estandarización de procesos e fluxos de CI/CD en plataformas cloud, enfocado a empresas de desenvolvemento de software e produtos dixitais, sobre o que se integra un sistema conversacional baseado en modelos LLM e GitHub Copilot, alimentado co contexto e coas regras específicas da organización.

- **Obxectivo:** Aliviar a carga cognitiva e mellorar a interacción das equipas coa plataforma, buscando a optimización dos ciclos de desenvolvemento, a redución de erros asociados á disparidade de configuracións e a resiliencia dos despregamentos.
- **Dirixido:** Equipas de desenvolvemento de software

Quobis | Yudani Riobó Gestido, Head of Innovation

• Smart Answer

Smart Answer é unha solución de operador que responde chamadas entrantes de números descoñecidos cun asistente virtual baseado en IA. Este asistente conversa brevemente co chamante, identifica que é e o motivo da chamada, e envía un resumo ao usuario por correo electrónico ou SMS.

- **Obxectivo:** Desenvolver un sistema baseado en IA que filtre chamadas entrantes, reduza o impacto do spam e fraude telefónico e mellore a eficiencia e seguridade das comunicacións.
- **Dirixido:** Operadores de telecomunicacións e usuarios móbiles que buscar reducir chamadas de spam e fraudes, mellorando a seguridade e optimizando o tempo na xestión de comunicacións.

Situm | Adrián Canedo, Chief Technology Officer

• GAIA (Geospatial Assistance for Intelligent Acknowledgment)

Fábricas, hospitais, aeroportos, oficinas e outros grandes edificios enfróntanse a un reto: xestionar información xeoespacial. As persoas que alí traballan requiren datos críticos en tempo real. GAIA centraliza e estrutura esta información para optimizar operacións, mellorar experiencias e garantir a seguridade.

- **Obxectivo:** O proxecto persigue catro metas principais: Crear facilmente a representación espacial do edificio, xestionar eficientemente datos asociados a espazos e integrais con outros sistemas, facilitar acceso e visualización adaptada segundo o perfil do usuario e integrar fontes de datos xeoespaciais en tempo real.
- **Dirixido:** O proxecto está dirixido a empresas propietarias de edificios, provedores de servizos (seguridade, limpeza, loxística ...), socios comerciais, socios tecnolóxicos, contornas académicas e sociedade en xeral.

Sixtema | María Lorente Crespo, Directora de Innovación

• LEVAD-360

LEVAD-360 é unha solución de xestión que, mediante IA e recuperación aumentada, busca converter información empresarial nun recurso estratéxico.

- **Obxectivo:** Implantar en SIXTEMA unha solución RAG que estructure e aproveite datos históricos para mellorar a eficiencia e a competitividade, validando un modelo aplicable a outras empresas intensivas en xestión de información.
- **Dirixido:** O proxecto será de interese a empresas e organizacións que xestiona grandes volumes de información e precisan transformar os seus datos nun arquivo estratéxico, optimizando procesos e mellorando a toma de decisións.

SREC Solution | Juan Martín, CEO

• SINVAD - Standard intelligent interactive virtual assistant design

SINVAD facilita a xeración de estándares personalizados, a accesibilidade da información, o incremento das capacidades dos traballadores, a automatización e optimización de fluxos de traballo, e a supervisión do cumprimento cos estándares para mellorar a calidade, eficiencia e seguridade dos procesos.

- **Obxectivo:** O principal obxectivo de SINVAD é o desenvolvemento dunha solución para sistematizar a estandarización de procesos industriais de maneira áxil e personalizada. A través de axentes intelixentes, as empresas aseguran a adherencia ao seguimento dos estándares dunha maneira interactiva, robusta e amigable.
- **Dirixido:** Empresas e organizacións con procesos repetitivos, gamas ou estándares de traballo sen definir ou desactualizados, rexistros en papel, e calquera empresa con dificultade para dixitalizar e supervisar se segue un plan de traballo.

Tesla Technologies & Software | Roberto Pérez Rodríguez, Director de Proxectos

• INDICAGES: Plataforma de IA para a xestión e certificación de indicadores de sostibilidade

INDICAGES é unha plataforma avanzada que integra IA para calcular, xustificar e certificar KPIs de sostibilidade. Automatiza a captura de datos e xera informes fiables, facilitando o cumprimento de normativas europeas, reducindo consumos e convertendo a sostibilidade nun activo estratéxico.

- **Obxectivo:** Facilitar o cumprimento regulatorio e o acceso a financiación verde mediante a automatización de indicadores de sostibilidade con IA, optimizando procesos e apoiando decisións baseadas en datos para reducir o impacto ambiental.
- **Dirixido:** Empresas de todos os sectores obrigadas a reportar sostibilidade, especialmente industria e sector primario, que busquen cumprir regulacións europeas, certificar as súas actividades e acceder a financiación sostible con eficiencia; sector bancario relacionado con financiación sostible.

Torus & Vegalsa | Rosa Suárez (Vegalsa) | Andrea García (Torus)

• PROVIA: optimización do proceso de provisión de servizos/produtos especializados en tenda mediante a Intelixencia Artificial

Vegalsa&Torus buscan a través da IA optimizar a provisión de servizos e produtos a curto prazo. Aborda retos como a optimización da provisión de produtos frescos tomando o caso particular de froitas e verduras. O obxectivo final é a toma de decisións intelixentes baseándose no descubrimento de patróns comúns que ocorran ao longo das redes comerciais, así como desenvolver modelos predictivos explicables das necesidades de servizos/produtos especializados.

- **Obxectivo:** Abordar o reto escalando nos niveis de analítica:
 - Analítica descritiva, coñecer as vendas/servizos requiridos da organización.
 - Analítica diagnóstica, explicar as vendas en función de parámetros como o calendario, prezos e ofertas.
 - Analítica predictiva, predicir vendas de frescos (así como as necesidades de servizos) a 7 días vista en base a modelos desenvolvidos para o dominio.
- **Dirixido:** Empresas de distribución en busca de mellora operativa así como grandes corporacións con necesidades de servizos heteroxéneos (electricistas, técnicos de frío, fontaneros, técnicos de equipamento, etc.).

Visual Publinet | Alejandro Arce, Product Owner

- **IA360 SEO Local. Nova Xeración de Estratexias de Posicionamento Local baseadas en Intelixencia Artificial**

IA360 SEO Local é unha plataforma innovadora que emprega modelos de IA para optimizar a visibilidade en buscadores a nivel local. A solución integra técnicas avanzadas de procesamento da linguaxe natural, análise semántica e aprendizaxe automática para xerar contidos adaptados ao contexto xeográfico e sectorial, mellorando o posicionamento de empresas en Google Maps, directorios e buscadores. A tecnoloxía desenvolvida permitirá escalar estratexias de SEO local con maior precisión, rapidez e impacto medible.

- **Obxectivo:** Desenvolver unha solución de intelixencia artificial que automatice e optimice o SEO local, mellorando a presenza dixital das PEMEs e grandes empresas, reducindo os custos de posicionamento e garantindo resultados máis consistentes e sostibles no tempo.
- **Dirixido:** Empresas e institucións que precisen mellorar a súa visibilidade online a nivel local e rexional; axencias de marketing dixital que busquen unha ferramenta avanzada de SEO con IA; e administracións públicas interesadas en potenciar a dixitalización do tecido empresarial..

GRAZAS

